




EXEMPLO 1: Distingue nas reaccións anteriores os átomos que se oxidan e os que se reducen.




O ferro gaña átomos de osíxeno, dicimos que se oxida. Pero o ferro tamén pasa de ser un átomo neutro a ser un ión positivo no óxido de ferro. Perde electróns, diremos tamén que isto é oxidarse.



O cinc gaña átomos de osíxeno, dicimos que se oxida. Pero o cinc tamén pasa de ser un átomo neutro a ser un ión positivo no óxido de cinc. Perde electróns, diremos tamén que isto é oxidarse.



O cinc aquí non gaña átomos de osíxeno. Pero o cinc pasa de ser un átomo neutro a ser un ión positivo no cloruro de cinc. Perde electróns, diremos que isto é oxidarse.



O cobre aquí non gaña átomos de osíxeno. Pero o cobre pasa de ser un átomo neutro a ser un ión positivo nos produtos. Perde electróns, diremos que isto é oxidarse.

Veremos que pescudar se un átomo se oxida ou se reduce farase máis sinxelo co concepto de número de oxidación.